

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE (FEMURO) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO *FÍOS VIOLETAS: PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO*, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Lugar e data da súa sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, que actúa en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, María Isabel Garrido Blanco, que actúa en nome e representación da Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), NIF G32237869, en virtude da súa condición de Presidenta, de acordo co nomeamento outorgado en data 4 de febreiro de 2023 adoptado pola asemblea xeral da Federación segundo o disposto no artigo 23 dos seus estatutos .

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



II. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. O Decreto 139/2024, do 20 de maio, establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e sinala as competencias que lle corresponden entre as que figuran as de impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

IV.- Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

Que entre os principios xerais que orientan o contido da Lei 11/2007, do 27 de xullo, atópase recollido no seu artigo 4, a equidade territorial, establecéndose que *"no desenvolvemento da rede de recursos e servizos de prevención, atención, apoio, tratamento e protección da violencia de xénero terase en conta a necesidade de compensar os desequilibrios territoriais, garantindo o seu acceso á totalidade das mulleres, especialmente ás que viven no ámbito rural"*.

Ademais, o artigo 6 da mesma Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o órgano competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes órganos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e



sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero, e remarcando que se terán en conta as *“dificultades que teñen as mulleres do ámbito rural para acceder á información e, nese sentido, deseñaranse campañas específicas nese ámbito”*.

Así mesmo, o artigo 7.2 da dita Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o órgano competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

V. O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria asinaron un acordo de renovación onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do dito Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

VI. En base ao anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Este acordo ten como finalidade consolidar o traballo fronte á violencia contra as mulleres no conxunto do Estado, avanzando na institucionalización e a permanencia dos compromisos adquiridos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

Este marco de cooperación artículase a través dun Plan Conxunto plurianual que inclúe un Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres, así como un Sistema común de información e avaliación.



O 26 de febreiro de 2025 o pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as mediadas que incluía no 2017 de 290 a 461 e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a económica e a dixital. Ademais préstaselle especial atención ás mulleres rurais e ás mulleres con discapacidade. Así a medida 41 recolle o reforzar as campañas de sensibilización cara ás mulleres no ámbito rural, pola maior incidencia nese entorno.

O capítulo 3. Asistencia, axuda e protección ás vítimas denomina o seu eixe 3.4 como *Rural* e nel as medidas 246 a 254 ofrecen unha serie de actuacións destinadas ás mulleres do rural tales como garantir o enfoque interseccional en calquera política, medida e resposta institucional que se adopte para combater a violencia contra as mulleres de forma que se garanta o seu pleno acceso e exercicio efectivo de dereitos, impulsar o asociacionismo de mulleres no ámbito rural para axudar ás vítimas garantindo formación e recursos para ditas entidades e brindarlle ás vítimas unha atención e acompañamento efectivos e de calidade adaptados ás condicións e especificidades do entorno rural.

VII. A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza asociativa constituída no ano 1998 e inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 1998-24-2, composta por 65 asociacións de mulleres rurais federadas que se atopan diseminadas en núcleos rurais da provincia de Ourense integrando unhas 5.000 mulleres do medio rural da provincia, sendo a única Federación destas características en toda a provincia. Así mesmo, a entidade figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E1074.

A súa misión principal é promover a igualdade de oportunidades e a participación das mulleres rurais en todos os ámbitos, así como fomentar un desenvolvemento rural sostible. Entre os seus fins específicos destacan: contribuír e promover a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento das mulleres rurais en todos os ámbitos social, político, económico e cultural; potenciar a educación en igualdade de oportunidades, sensibilizando á poboación sobre a situación de desigualdade que



sofren as mulleres rurais; e loitar pola erradicación da violencia sufrida polas mulleres a nivel moral ou material.

Leva a cabo actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento á mulleres do ámbito rural, entre elas a mulleres vítimas da violencia de xénero, promovendo ademais accións de información e formación nas que sempre e de xeito transversal se atopa presente o enfoque de xénero.

Para o ano 2026, a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), desenvolve o proxecto: "Fíos violetas: prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero" que ten como obxectivo a prevención e a sensibilización en materia de violencia de xénero a través de accións dirixidas a distintos sectores da sociedade, desde a infancia e a mocidade ata a poboación adulta e o ámbito rural. Mediante unha combinación de formación, actividades comunitarias e campañas de concienciación, a entidade busca fomentar a igualdade de xénero e promover relacións sans e respectuosas.

VIII. Que consonte o exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario o fomento das accións englobadas no proxecto: "Fíos violetas: prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero" que vai desenvolver a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), a través da concesión dunha subvención pública.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero do ámbito rural onde factores como o illamento xeográfico, a falta de servizos especializados e a invisibilización da violencia de xénero aumentan a vulnerabilidade das mulleres e dificultan o seu acceso a recursos e apoios. A federación traballa para crear espazos seguros, promover a autonomía económica, visibilizar referentes femininos e fomentar redes comunitarias de apoio. Ademais, o seu enfoque na educación desde idades temperás busca previr a perpetuación de estereotipos e



condutas machistas, contribuíndo a unha transformación social real que permita ás mulleres vivir libres de violencia e en igualdade. É a única federación de asociacións de mulleres rurais en Ourense, con ampla experiencia na prevención e sensibilización da violencia de xénero, traballando por e para o ámbito rural. O seu compromiso e traxectoria convértena na entidade ideal para liderar proxectos que promovan a igualdade e o empoderamento das mulleres rurais na provincia.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

1. O obxecto deste Convenio é instrumentar a concesión dunha subvención en beneficio da Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), na realización no ano 2026 do proxecto: "Fíos violetas: prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero".

Este proxecto ten como obxectivos:

- Promover a prevención da violencia de xénero en todas as súas manifestacións mediante accións de sensibilización, formación e intervención comunitaria dirixidas á poboación de todas as idades.
- Fomentar a igualdade real entre mulleres e homes, impulsando o empoderamento feminino e a transformación de actitudes e condutas machistas que sustentan as violencias.
- Impulsar a educación afectivo-sexual integral como ferramenta clave para a prevención das violencias sexuais, das relacións abusivas e das desigualdades de xénero.
- Desenvolver campañas e accións específicas en datas clave (8M e 25N) como instrumentos de concienciación social, mobilización comunitaria e visibilización das violencias de xénero.
- Mellorar a capacidade da poboación para identificar, previr e actuar fronte ás violencias sexuais e outras formas de violencia de xénero, promovendo relacións baseadas no consentimento, o desexo, o respecto e a autonomía persoal.



2. As actividades do proxecto: "Fíos violetas: prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero" a realizar neste ano 2026 son as seguintes:

a) Mulleres que contan: É unha actividade na que a lectura de contos serve como ferramenta central para traballar habilidades sociais e emocionais fundamentais. A través da análise e reflexión sobre as historias, fomentamos a autoestima, o empoderamento, o autocontrol, a confianza e a asertividade. Ademais, cada sesión inclúe dinámicas enfocadas no fomento da autoestima, na creación de redes de amizade, na xestión emocional, na expresión artística, no diálogo, onde as participantes reforzan estas e outras habilidades nun ambiente de seguridade e apoio mutuo.

As mulleres que acoden a esta actividade sofren ou sufriron Violencia de Xénero (algunhas delas nin sequera son conscientes de estar sufríndoa nestes momentos) e atopan aquí un grupo no que falar, expresar, escoitar e sobre todo, sentirse acompañadas. O grupo co que traballa a entidade é moi reducido, para así crear un clima de total confianza.

b) Campañas de sensibilización polo 8M e o 25N en centros educativos, coa poboación de Verín e coas asociacións de mulleres rurais da provincia de Ourense:

- Realizaranse campañas de sensibilización e prevención da violencia de xénero en centros educativos nas comarcas de Verín, A Limia e o Ribeiro.
- Realizarase un acto de sensibilización polo 8M no Concello de Verín onde se realizou unha performance, esta actividade consistiu nunha representación de carácter simbólico centrada na visibilización das distintas formas de violencia de xénero, especialmente aquelas máis sutís e normalizadas o que se pretendía era representar como a suma de pequenas violencias e dinámicas de control pode derivar en situacións de anulación, vulnerabilidade e perda de liberdade.

Desde a perspectiva da prevención, a actividade busca poñer o foco na identificación destas formas de violencia non explícitas, promovendo a súa visibilización e cuestionamento social.

Por outra banda, simultaneamente, realizaranse actos semellantes nas comarcas de A Limia, O Ribeiro e O Barco de Valdeorras. Estes actos están organizados e protagonizados polas asociacións da federación.



As campañas do 8M e 25N son accións de sensibilización fundamentais neste proxecto, dirixidas tanto aos centros educativos como á poboación en xeral. Cada ano escóllese unha temática específica vinculada á igualdade de xénero e á prevención das violencias machistas, a partir dela se estrutura unha serie de actividades que combinan formación, reflexión e mobilización social.

No ámbito educativo, desenvólvense dinámicas e obradoiros adaptados a cada etapa –infantil, primaria e secundaria–, garantindo que o alumnado poida comprender e reflexionar sobre a cuestión elixida segundo o seu nivel de maduración.

Paralelamente, se selecciona unha canción representativa da campaña e elabórase un vídeo colaborativo no que participan as asociacións de mulleres rurais. Estes vídeos, dispoñibles na canle de YouTube, serven como ferramenta de visibilización e concienciación, dándolle voz ás mulleres do rural e reforzando a súa implicación no proxecto.

c) SEX-EDÚCATE

Este ano no proxecto ampliáanse as accións de educación afectivo-sexual e prevención de violencias en distintos grupos de poboación. As actividades incluirán: unha campaña específica de Entroido dirixida á mocidade; unha acción de Educación Sexual nos institutos de Verín; un campamento de verán para adolescentes centrado na prevención de violencias sexuais; e obradoiros de sexualidade dirixidos a mulleres a partir dos 50 anos, en colaboración co tecido asociativo.

Todas estas intervencións teñen como finalidade promover unha vivencia da sexualidade informada, consciente e respectuosa, baseada no consentimento, no bo trato e no dereito ao pracer, contribuíndo á prevención das violencias de xénero e das violencias sexuais ao longo de todas as etapas da vida.

e) Foro de Igualdade: O Foro de Igualdade é un evento referente na provincia que visibiliza o traballo da entidade en canto a loita contra a violencia de xénero, abordando nel, con persoas profesionais na materia de todos os puntos de España, temáticas específicas como o teito de cristal, a violencia no ámbito sanitario, a prostitución e trata, entre outras. Este ano realizarase en Celanova os días 17 e 18 de abril.



SEGUNDA.- Financiamento

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actividades que conforman o proxecto: "Fíos violetas: prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero" a desenvolver pola Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), no ano 2026 ascende á cantidade de 20.000 €.

Para o cumprimento das actuacións dos servizos previstos na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de **20.000 € (vinte mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o **1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. A tipoloxía de gastos subvencionables correspóndese con gastos de persoal e de subministración e servizos derivados das actividades a desenvolver.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación do número total de actividades realizadas, a descrición das mesmas, o número de persoas usuarias, as localidades onde



se desenvolveu cada actividade e dos resultados obtidos.

A memoria irá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados ao abeiro do proxecto, nos que deben figurar os logos da Consellería de Política Social e Igualdade e do Ministerio de Igualdade. Como anexo a dita memoria deben achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

- **Certificación** expedida polo órgano competente da Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense_FEMURO, dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- **Gastos de persoal:** Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de 2026 que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización



devindicada na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite do **4 de decembro de 2026**.

Á vista desta documentación a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula cuarta deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación



que se considere precisa en relación coa xustificación das actuacións a subvencionar a través do presente convenio.

QUINTA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E PAGAMENTOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que: *“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademais, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario”*.

Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

SEXTA .- TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.



A entidade beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- NOTIFICACIÓNS

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso a entidade beneficiaria deberá crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



OITAVA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal, que no seu caso, precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, dependentes da Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO) e a Consellería de Política Social e Igualdade de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

NOVENA.- OBRIGAS

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas de estar ao no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública



da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelán se esta é requirida.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que levan consigo as actuacións derivadas da execución do convenio.
- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.



- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ás actividades a subvencionar a través do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo de conformidade coa normativa de protección de datos.
- Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA .- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.



DECIMA PRIMEIRA.- REINTEGRO

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

DÉCIMO SEGUNDA .- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de



decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola



Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de formularse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño e polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SÉTIMA .- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO),



designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de de Loita contra a Violencia de Xénero, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.-VIXENCIA

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, os gastos das actividades a subvencionar a través do presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asíñase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

Fabiola García Martínez

A PRESIDENTA DA FEDERACIÓN PROVINCIAL DE
MULLERES RURAIS DE OURENSE

María Isabel Garrido Blanco

